



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

PLAN GALEGO DE ESTADÍSTICA 2012-2016

Programa estatístico 2014 Informe de Seguimento

Elaborado polo Instituto Galego de Estatística, informado polo Consello Galego de Estatística e trasladado ao Parlamento, en cumprimento do artigo 12 da Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016


Plan Galego de Estatística 2012-2016

Programa estatístico anual 2014

INFORME DE SEGUIMIENTO

	Páxina
1. Actividades estadísticas e outras actuacións do PEA 2014.....	1
2. Indicadores de seguimento dos programas.....	2
3. Indicadores de seguimento do PEA 2014.....	3
4. Indicadores de seguimento do PEA 2014 por departamento.....	7
5. Satisfacción das metas de información do PGE 2012-2016.....	11
Anexo 1. Informe resumo.....	13
Anexo 2. Informe detallado por consellería.....	15
Anexo 3. Execución das actividades estadísticas por fases.....	21
Anexo 4. Seguimento das outras actividades de interese estatístico.....	65
Anexo 5. Seguimento das liñas de actuación salientables.....	67
Anexo 6. Satisfacción das metas de información do PGE 2012-2016.....	69

1. ACTIVIDADES ESTADÍSTICAS E OUTRAS ACTUACIÓNS DO PEA 2014



O PEA 2014 inclúe 174 actividades estatísticas (OE e AE), 15 de interese estatístico (AIE) e 7 vencelladas coas liñas de actuación salientables (LAS) do PGE 2012-2016. Esta oferta pretende cubrir os obxectivos informativos (metas), organizativos e instrumentais do plan e cumprir coa obriga de considerar a perspectiva de xénero na actividade estatística.

Comparado co PEA 2013, temos 15 actividades estatísticas máis (de 159 a 174). Por tipoloxía a evolución foi diferente: diminuíron as operacións novas (de 42 a 23) e as actividades de interese estatístico (de 21 a 15), e aumentaron as operacións correntes (de 70 a 79), as outras actividades estatísticas (de 47 a 72) e as liñas de actuación salientables (de 6 a 7).

Tipo de actividade estatística	PEA 2012	PEA 2013	PEA 2014
Operacións (OE)	103	112	102
Operacións novas	19	42	23
en proxecto	12	33	13
en implantación	5	5	9
en reestruturación	2	4	1
Operacións correntes	84	70	79
en curso	73	57	66
en cumprimento	11	13	13
Outras actividades estatísticas (AE)	41	47	72
Total actividades estatísticas (OE+AE)	144	159	174
Outras actividades de interese estatístico (AIE)	23	21	15
Liñas de actuación salientables (LAS)	11	6	7

Para valorar os resultados do PEA 2014 calculáronse os indicadores de execución e calendario e catro novos sobre oportunidade na difusión, satisfacción das metas, dinamismo das operacións novas e estabilidade das operacións correntes. O primeiro complementa ao

indicador de calendario e o segundo mide o cumprimento dos obxectivos informativos do plan. Cos outros dous compróbase se as operacións evolucionan correctamente entre programas: as novas transfórmanse en correntes (dinamismo) e as correntes permanecen nese estado (estabilidade).

Estes indicadores aplícanse ás operacións (OE) e ás outras actividades estatísticas (AE). O informe recolle tamén os resultados cualitativos das actividades de interese estatístico (AIE) e das liñas de actuación salientables (LAS). As primeiras xa se contemplaban no plan anterior, pero non se avaliaban. As segundas son actuacións introducidas no PGE 2012-2016.

2. INDICADORES DE SEGUIMIENTO DOS PROGRAMAS

Os indicadores de execución, calendario e oportunidade calcúlanse por actividade e promédianse para obter os resultados das consellerías e do conxunto da Comunidade Autónoma. Os índices de satisfacción refírense ás áreas e seccións nas que se clasifican as metas do plan. Os indicadores de dinamismo e estabilidade só se calculan de xeito global en cada programa.

A execución dunha OE mídese comprobando os resultados acadados en cada fase, desde a recolla de datos ata a difusión nas programadas en implantación, curso ou cumprimento, segundo o estado de redacción do proxecto técnico nas programadas en proxecto, e analizando ambos os dous criterios nas programadas en reestruturación.

A execución dunha AE calcúlase en función dos resultados das actuacións concretas que figuran no anexo IV do decreto de programa.

Para calcular os graos de execución global e de cada departamento pondéranse as actividades por tipo, dando máis peso ás operacións (OE) fronte ás outras actividades estatísticas (AE) e, dentro das primeiras, ás correntes (en curso e cumprimento) fronte ás novas (en proxecto, implantación e reestruturación). O criterio está relacionado coa complexidade e madurez das actividades, situándose á cabeza as operacións correntes, que se difunden, teñen proxecto técnico e se executan coa participación dalgunha administración pública galega. Séguenlles ás operacións novas que se están a implantar, ou que aínda non teñen proxecto técnico e, por último, as outras actividades estatísticas, que cobren metas de información do plan, pero que non cumpren as condicións esixidas ás operacións.

O indicador de calendario mide a puntualidade na publicación de resultados. Refírese ás operacións correntes con difusión prevista no programa, sen considerar as de tipo indicadores que se actualizan continuamente segundo o permiten as fontes primarias. En cada operación comprobamos se se publicaron os datos no soporte e data previstos, polo que pode ser compatible un grao de execución do 100% cun cumprimento do calendario do 0%. Este resultado dáse cando se elaboran os datos, pero non se difunden, ou se difunden con retraso (fóra do mes previsto nas estatísticas mensuais e trimestrais e con máis de dous meses de desfase nas anuais).

O **indicador de oportunidade** complementa ao de calendario, penalizando a distancia entre período de referencia da información e data de difusión. Calcúlase en función dos meses transcorridos dende que remata o período de referencia ata que se publican os resultados.


O **indicador de dinamismo** aplícase ás operacións novas para comprobar se evolucionan correctamente entre programas. As operacións en proxecto han de pasar á fase de implantación e as programadas en reestruturación ou implantación débense converter en operacións en curso. O indicador calcúlase dividindo o número de operacións que evolucionaron correctamente entre o total de operacións novas do programa anterior.

O **indicador de estabilidade** aplícase ás operacións correntes para comprobar se permanecen nese estado no programa seguinte. Calcúlase dividindo o número das programadas en curso ou cumprimento que fican nestes estados entre o total das correntes do programa anterior. Este indicador tamén se pode calcular para as outras actividades estatísticas (AE), que adoitan permanecer entre programas. Como resultado de considerarmos as OE correntes e as AE, obtense un indicador de estabilidade xeral do programa.

O **índice de satisfacción** reflicte se as actividades programadas achegan información relevante sobre as temáticas implícitas nas metas de información do plan. Para calcular o grao de satisfacción dunha meta determinanse as actividades programadas que son potencialmente subministradoras de información encol dela e, destas, as que difundiron resultados. As actividades cuxa execución pode cubrir unha meta son as operacións en curso, cumprimento, implantación e reestruturación e as outras actividades estatísticas.

3. INDICADORES DE SEGUIMIENTO DO PEA 2014

Os indicadores de execución e calendario do PEA 2014 diminúen en relación cos dous programas anteriores. O retroceso máis intenso do segundo non contribúe ao proceso de converxencia entrambos, que se observaba desde o primeiro programa do plan anterior



No 2014 baixan a execución global (do 89% ao 83%) e o indicador de calendario (do 83% ao 68%). A caída máis acentuada dáse no grupo das outras actividades estatísticas (do 95% ao 80%). O indicador de oportunidade amosa un desfase de 11 meses entre datas de referencia e publicación.

Tipo de actividade estatística	PEA 2012		PEA 2013		PEA 2014	
	nº	execución	nº	execución	nº	execución
Operacións (OE)	103	90%	112	88%	102	84%
Operacións novas	19	75%	42	62%	23	59%
Operacións correntes	84	93%	70	94%	79	90%
Outras actividades estatísticas (AE)	41	93%	47	95%	72	80%
Execución global do programa	144	90%	159	89%	174	83%
Cumprimento calendario difusión	75%		83%		68%	
Oportunidade difusión	-		-		11 meses	
Indicador de dinamismo	53%		45%		39%	
Indicador de estabilidade	80%		95%		85%	

Das 23 operacións novas do PEA 2014, 9 evolucionaron segundo o previsto e figuran en implantación ou en curso no PEA 2015, o que supón unha porcentaxe de dinamismo do 39%. A estabilidade das operacións correntes e das actividades estatísticas acadou o 85%.

Operacións (OE) novas

O PEA 2014 inclúe 13 operacións en proxecto (as programadas por primeira vez e as trasladadas do programa anterior que non se chegaron a implantar) e 1 en reestruturación. Isto supón 14 proxectos a elaborar, dos que se remataron 4.


Número de operacións novas	PEA 2012	PEA 2013	PEA 2014
en proxecto	12	33	13
en implantación	5	5	9
en reestruturación	2	4	1
Total	19	42	23
Proxectos que se terían que rematar	14	37	14
Proxectos rematados	5	19	4

No 2014 o CGE aprobou 2 proxectos máis sobre cooperativas e sociedades laborais. Estas operacións programáranse como actividades no 2014 e retomáronse como operacións en implantación no 2015.

Proxectos técnicos presentados no CGE		
Código	Nome da operación	Pleno
11-102	Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio	12/12/2014
21-104	Explotación estatística do Rexistro de Parellas de Feito	23/07/2014
21-105	Táboas de mortalidade	23/07/2014
31-905	Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do PDR	12/12/2014
38-301	Cooperativas	23/07/2014
38-302	Sociedades Laborais	23/07/2014

Como se observa no gráfico, as operacións novas teñen baixa execución. A máis elevada do 2012 pode gardar relación co feito de que se trataba do primeiro programa do plan, no que se adoita ser conservador. Nos dous anos seguintes diminúen os graos de execución, pero seguen a superar os acadados nos programas do plan anterior.

Execución OE novas



Das 23 operacións novas do PEA 2014, 9 programáronse en implantación ou en curso no 2015, o que supón unha porcentaxe de dinamismo do 39%.


PGE 2007-2011	2007 a 2008	2008 a 2009	2009 a 2010	2010 a 2011
Núm. OE novas que evolucionan correctamente	14	15	9	7
Núm. OE novas do PEA de orixe	60	57	36	29
Indicador de dinamismo (%)	23,3	26,3	25,0	24,1

PGE 2012-2016	2012 a 2013	2013 a 2014	2014 a 2015
Núm. OE novas que evolucionan correctamente	10	19	9
Núm. OE novas do PEA de orixe	19	42	23
Indicador de dinamismo (%)	52,6	45,2	39,1

Operacións (OE) correntes

As operacións correntes teñen un nivel de desenvolvemento maior, que se reflicte nuns graos máis altos de execución.

Execución OE correntes




A súa estabilidade está relacionada co número de operacións iniciais, de xeito que, cando se parte de moitas a porcentaxe de permanencia é menor. Así, no PGE 2007-2011 a estabilidade maior (93%) rexistrouse entre 2007 (con só 80 OE correntes) e 2008, e a menor (84%) entre o

2009 (con 97 OE correntes) e o 2010. No plan actual a situación é semellante. A permanencia máis alta (96%) dáse entre o 2013 e o 2014, con 70 operacións de partida.

PGE 2007-2011	2007 a 2008	2008 a 2009	2009 a 2010	2010 a 2011
Núm. OE correntes que permanecen no seguinte PEA	74	80	81	80
Núm. AE que permanecen no seguinte PEA	31	31	34	34
Núm. OE correntes do PEA de orixe	80	88	97	89
Núm. AE do PEA de orixe	38	37	43	38
Estabilidade das OE correntes (%)	92,5	90,9	83,5	89,9
Estabilidade xeral (OE correntes e AE) (%)	89,0	88,8	82,1	89,8
PGE 2012-2016	2012 a 2013	2013 a 2014	2014 a 2015	
Núm. OE correntes que permanecen no seguinte PEA	63	67	69	
Núm. AE que permanecen no seguinte PEA	37	44	59	
Núm. OE correntes do PEA de orixe	84	70	79	
Núm. AE do PEA de orixe	41	47	72	
Estabilidade das OE correntes (%)	75,0	95,7	87,3	
Estabilidade xeral (OE correntes e AE) (%)	80,0	94,9	84,8	

O indicador de estabilidade dos últimos programas amosa que o 87% das operacións correntes do PEA 2014 mantivéronse nese estado no 2015 (69 de 79). En números absolutos, o programa de 2014 remata con máis operacións “consolidadas” (69) que os anteriores do plan actual, pero con menos das que permanecían no PGE 2007-2011.

Operacións correntes que permanecen entre programas (total e porcentaxe)



Das 79 operacións correntes do PEA 2014, 2 non tiñan prevista fase de difusión pola súa periodicidade e 4 eran de tipo indicadores de actualización continua. O indicador de calendario das 73 restantes acadou o 68%.

Para avaliar a oportunidade non se consideran 9 das 79 operacións correntes do programa. Este grupo excluído está formado por operacións sen calendario, de periodicidade semanal ou de tipo proxeccións. Para as 70 restantes resulta unha dispoñibilidade media de 11 meses.

Outras actividades estatísticas (AE)

As outras actividades estatísticas (AE) son as que non se poden considerar operacións, ben por seren actividades de difusión nas que a comunidade autónoma só participa nesa fase, ou

por non estar clasificadas dentro da tipoloxía establecida para as operacións (censos, enquisas,...). Forman parte deste grupo as actividades de compilación (anuarios, boletíns,...), e as de explotacións de microdatos doutras administracións (as que fai o IGE das estatísticas de nacementos do INE, de comercio exterior da AEAT, de afiliacións á SS do INSS,...). A EPA prográmase como operación, pois o IGE recolle a metade da mostra de Galicia, e os seus módulos específicos como actividades, dado que se executan coa mesma metodoloxía. No PEA 2014 incluíronse 72 actividades deste tipo, cuxa execución foi do 80%.

Outras actividades de interese estatístico (AIE)

O PEA 2014 inclúe 15 actuacións concretas de interese estatístico (AIE), xunto cos obxectivos organizativos e instrumentais a satisfacer. Este xeito de programar permite comprobar se se abordaron e finalizaron as tarefas previstas. Os resultados figuran no cuarto anexo do informe.

Liñas de actuación salientables (LAS)

As liñas de actuación salientables (LAS) introdúcense no plan actual como obxectivos informativos para profundar nas análises da demografía, da estrutura, da conxuntura e do sector exterior da economía. No artigo 3 do decreto do PEA 2014 e no seu anexo V, figuran as actuacións concretas a realizar para avanzar neste obxectivo de incrementar o valor da información dispoñible. Os resultados figuran no quinto anexo deste informe.

4. INDICADORES DO PEA 2014 POR DEPARTAMENTO


O indicadores de execución, calendario e oportunidade por organismo responsable resúmense na táboas e nos gráficos seguintes:

Departamento	Operacións e outras actividades estatísticas (OE e AE)									
	PEA 2012			PEA 2013			PEA 2014			
	nº	execución	calendario	nº	execución	calendario	nº	execución	calendario	
			puntualidade			puntualidade			puntualidade	oportunidade*
Presidencia	9	94%	100%	10	96%	100%	11	95%	67%	11
Vicepresidencia	2	100%	100%	9	90%	100%	8	89%	100%	2
Facenda	5	98%	63%	6	68%	75%	5	61%	38%	10
MATI	9	88%	45%	10	91%	100%	10	100%	92%	7
Economía e Industria	4	78%	8%	4	97%	33%	4	72%	0%	8
CEOU	4	85%	50%	3	98%	50%	4	98%	67%	21
Sanidade	11	99%	70%	10	74%	78%	12	65%	81%	12
Traballo e Benestar	27	82%	89%	25	97%	100%	25	93%	61%	9
Medio Rural e Mar	23	80%	74%	26	78%	75%	29	74%	57%	10
IGE	52	96%	89%	58	96%	88%	72	85%	83%	13
Total	144	90%	75%	159	89%	83%	174	83%	68%	11

* número de meses transcorridos entre as datas de referencia da información e de difusión


Presidencia da Xunta

No 2014 programou 6 operacións (OE) e 5 actividades estatísticas (AE).




Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza

No 2014 programou 7 operacións (OE) e 1 actividade estatística (AE). Presentou 1 proxecto no CGE: 21-104 Explotación estatística do Rexistro de Parellas de Feito.




Consellería de Facenda

No 2014 programo 4 operacións (OE) e 1 actividade estatística (AE).




Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

No 2014 programou 7 operacións (OE) e 3 actividades estatística (AE). Presentou 1 proxecto no CGE: 11-102 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio.




Consellería de Economía e Industria

No 2014 programou 3 operacións (OE) e 1 actividade estatística (AE).




Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

No 2014 programou 3 operacións (OE) e 1 actividade estatística (AE).




Consellería de Sanidade

No 2014 programou 11 operacións (OE) e 1 actividade estatística (AE). Presentou 1 proxecto no CGE: 21-105 Táboas de mortalidade.




Consellería de Traballo e Benestar

No 2014 programou 17 operacións (OE) e 8 actividades estatísticas (AE). Presentou 2 proxectos no CGE: 38-301 Cooperativas e 38-302 Sociedades laborais.




Consellería do Medio Rural e do Mar

No 2014 programou 17 operacións (OE) e 11 actividades estatísticas (AE). Presentou 1 proxecto no CGE: 31-905 Sistema indicadores complementarios para o seguimento do PDR.



Instituto Galego de Estatística

No 2014 programou 31 operacións (OE) e 41 actividades estatísticas (AE). Presentou no CGE 2 proxectos, realizados en colaboración coas consellerías: 21-105 Táboas de mortalidade e 31-905 Sistema indicadores complementarios para o seguimento do PDR .



5. SATISFACCIÓN DAS METAS DE INFORMACIÓN DO PGE 2012-2016


O cumprimento das metas mídese cos índices de satisfacción. Na táboa figuran os de 2012, 2013 (provisionais) e 2014 (avance), agrupando as metas por áreas e seccións do plan¹.

Área e sección	Nº metas	2012		2013		2014	
		satisfeitas	Índice (%)	satisfeitas	Índice (%)	satisfeitas	Índice (%)
1 Territorio, recursos naturais e medio							
1.1 Territorio e recursos naturais	9	6	66,7	4	44,4	4	44,4
1.2 Medio ambiente	7	6	85,7	5	71,4	6	85,7
	16	12	75,0	9	56,3	10	62,5
2 Sociedade							
2.1 Poboación e fogares	4	3	75,0	3	75,0	4	100,0
2.2 Sanidade	7	6	85,7	5	71,4	5	71,4
2.3 Educación e capital humano	7	6	85,7	6	85,7	7	100,0
2.4 Traballo	13	8	61,5	8	61,5	10	76,9
2.5 Condicións sociais	11	7	63,6	8	72,7	8	72,7
2.6 Cultura e lecer	7	2	28,6	2	28,6	2	28,6
2.7 Vivenda	3	1	33,3	2	66,7	2	66,7
	52	33	63,5	34	65,4	38	73,1
3 Estrutura produtiva							
3.1 Sector agrario	9	6	66,7	6	66,7	4	44,4
3.2 Pesca e acuicultura	5	3	60,0	2	40,0	4	80,0
3.3 Enerxía e industria	5	3	60,0	4	80,0	2	40,0
3.4 Construción	3	1	33,3	1	33,3	1	33,3
3.5 Servizos de mercado	5	5	100,0	5	100,0	5	100,0
3.6 Administración pública e outros serviz. non de mercado	11	2	18,2	2	18,2	1	9,1
3.7 Mercados e prezos	8	5	62,5	5	62,5	5	62,5
3.8 Actividade empresarial	3	3	100,0	1	33,3	3	100,0
3.9 Sistema de contas	4	2	50,0	4	100,0	4	100,0
	53	30	56,6	30	56,6	29	54,7
4 Coñecemento e tecnoloxía							
4.1 Sociedade da información	6	5	83,3	5	83,3	5	83,3
4.2 Ciencia e tecnoloxía	4	2	50,0	2	50,0	4	100,0
	10	7	70,0	7	70,0	9	90,0

¹ Os datos provisionais poden ser obxecto de revisión ao remate do plan, de comprobar que se difundiron datos fóra dos programas respectivos. Os de 2014 pódense modificar cando se elaboren os de seguimento do vindeiro ano.

Co PEA 2014 quedan satisfeitas 10 das 16 metas da área 1 sobre territorio, recursos naturais e medio, o que representa o 63%. Esta porcentaxe foi superior (73%) na área 2, aínda que, dentro dela, a sección de cultura e lecer só acadou unha satisfacción do 29%.

A área 3 de estrutura produtiva ten 53 metas, 29 cubertas co programa 2014. Nas seccións 3.5, 3.8 e 3.9 a satisfacción foi máxima, mentres que na 3.6 sobre Administración pública e outros servizos non de mercado só se ofertou información dunha das 11 metas posibles. A área 4 é a que presenta mellores resultados, cun 90% de satisfacción. No gráfico se pode comprobar que no PEA 2014 aumentou a satisfacción media das metas nesta area e que no resto a situación é bastante estable.



Para fixar un punto de partida e analizar con máis precisión o grao de satisfacción acadado co PEA 2014, se poden considerar as metas que estarían satisfeitas coas actividades consolidadas no PGE 2012-2016. Así, no 2012 partimos duns índices de satisfacción por área situados entre o 43% e o 60%, que se incrementan co PEA 2014, sobre todo na área 4.

Área	PGE 2012-2016		PEA 2014		Índice de satisfacción das metas (%)		
	nº metas	nº metas consol.	metas satisfeitas efectivas	metas satisfeitas potencial	consol.	PEA 2014 efectivo	PEA 2014 potencial
1. Territorio, recursos naturais e medio	16	7	10	13	43,8	62,5	81,3
2. Sociedade	52	26	38	40	50	73,1	76,9
3. Estrutura produtiva	53	23	29	36	43,4	54,7	67,9
4. Coñecemento e tecnoloxía	10	6	9	9	60	90	90
Total metas	131	62	86	98	47,3	65,6	74,8

A columna denominada “número de metas satisfeitas potencial” recolle as que se cubrirían de difundirse todas as actividades relacionadas coa súa temática. Con este criterio, na área 1 acadamos unha satisfacción do 63%, fronte ao 81% posible de conseguirmos executar todo o programado. Esta diferenza entre satisfaccións efectiva e potencial dáse tamén nas áreas 2 e 3. En termos globais, co PEA 2014 quedan satisfeitas o 66% das metas, fronte ao 75% que se conseguiría de executar completamente o programa. No sexto anexo detállanse estes resultados.

PROGRAMA ESTADÍSTICO ANUAL 2014. SEGUIMIENTO

Anexo 1. Informe resumen

Número de operacións e actividades

Departamento	Operacións estatísticas (OE)			Outras act. est. (AE)
	Correntes	Novas	Total	
Presidencia da Xunta	4	2	6	5
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	1	6	7	1
Consellería de Facenda	4	0	4	1
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	6	1	7	3
Consellería de Economía e Industria	3	0	3	1
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	3	0	3	1
Consellería de Sanidade	9	2	11	1
Consellería de Traballo e Benestar	14	3	17	8
Consellería do Medio Rural e do Mar	14	3	17	11
Instituto Galego de Estatística	23	8	31	41
<hr/>				
Total Comunidade Autónoma	79	23	102	72

A suma por departamentos non coincide co Total da C.A. porque as operacións compartidas figuran en todos os departamentos responsables

As operacións novas inclúen as programadas en proxecto, implantación e reestruturación. As operacións correntes inclúen as programadas en curso e cumprimento.

Grao de execución das operacións e actividades

Departamento	Grao execución OE (%)			Grao Exec. AE(%)	Grao Exec. Global(%)
	Correntes	Novas	Total		
Presidencia da Xunta	100	95	99	80	95,2
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	100	32,5	86,5	100	89,2
Consellería de Facenda	51,2	-	51,2	100	61
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	100	100	100	100	100
Consellería de Economía e Industria	65	-	65	100	72
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	98,3	-	98,3	95	97,7
Consellería de Sanidade	88,9	50	81,1	0	64,9
Consellería de Traballo e Benestar	98,2	100	98,6	70,6	93
Consellería do Medio Rural e do Mar	83,2	73,3	81,2	45,5	74,1
Instituto Galego de Estatística	90	57,1	83,4	90,2	84,8
<hr/>					
Total Comunidade Autónoma	89,9	59,2	83,8	80	83

O grao de execución das operacións obtense como media ponderada da operacións correntes (80%) e as novas (20%).

O grao de execución global obtense como media ponderada do grao de execución das operacións -OE- (80%) e das outras actividades -AE-(20%).

Programa estatístico anual 2014. SEGUIMIENTO

Operacións novas segundo estado, grao de execución e proxectos rematados

Departamento	OE novas segundo estado				Grao de exec. OE novas (%)	OE suscep. de PT	proxectos rematados
	prox.	impl.	reestr.	total			
Presidencia da Xunta	1	1	0	2	95	1	0
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	5	1	0	6	32,5	5	1
Consellería de Facenda	0	0	0	0	-	0	-
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	1	0	0	1	100	1	1
Consellería de Economía e Industria	0	0	0	0	-	0	-
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	0	0	0	0	-	0	-
Consellería de Sanidade	2	0	0	2	50	2	1
Consellería de Traballo e Benestar	0	3	0	3	100	0	-
Consellería do Medio Rural e do Mar	1	2	0	3	73,3	1	1
Instituto Galego de Estatística	5	2	1	8	57,1	6	2

Total Comunidade Autónoma	13	9	1	23	59,2	14	4

Os proxectos rematados de operacións en colaboración cóntanse en todos os departamentos polo tanto os proxectos de Táboas de mortalidade e Sistemas de indicadores do PDR asígnanse, o primeiro ao IGE e á Consellería de Sanidade e o segundo ao IGE e á de Medio Rural.

Indicadores de puntualidade e oportunidade das operacións estatísticas

Departamento	OE correntes			I. Punt. (%)	I. Oport (meses)
	Total	núm. punt.	núm. oport.		
Presidencia da Xunta	4	3	3	66,7	11 meses
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	1	1	1	100	2 meses
Consellería de Facenda	4	4	4	37,5	10 meses
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	6	6	5	91,7	7 meses
Consellería de Economía e Industria	3	3	3	0	8 meses
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	3	3	3	66,7	21 meses
Consellería de Sanidade	9	9	9	80,6	12 meses
Consellería de Traballo e Benestar	14	14	14	60,7	9 meses
Consellería do Medio Rural e do Mar	14	14	14	57,1	10 meses
Instituto Galego de Estatística	23	18	16	83,3	13 meses

Total Comunidade Autónoma	79	73	70	68,2	11 meses

O Indicador de calendario calcúlase para as operacións correntes con difusión programada e data concreta. Así, non se calcula para as operacións correntes sen difusión programada (Marco input-output, Enquisa en destino...) nin para as de tipo indicadores que se actualizan continuamente segundo o permitan as fontes (Indicadores de cohesión social...). O Indicador de oportunidade calcúlase, de entre as anteriores, para as que efectivamente difundiron e ademais teñen un período de referencia determinado.



Programa estatístico anual 2014. SEGUIMIENTO

Anexo 2. Informe detallado por consellería

Presidencia da Xunta	Exec.	Calendario
35-401 Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León e Zamora: en curso	100	0
35-402 Enquisa sobre o turismo en destino de Galicia: en curso	100	-
35-403 Enquisa de movemento aeroportuario de Galicia: en proxecto	90	-
41-101 Sistema de indicadores da sociedade da información: en curso	100	100
41-201 Empresas TIC de Galicia: en implantación	100	-
41-301 Estatística sobre a Administración electrónica na Xunta de Galicia: en curso	100	100
AE219 Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia	100	-
AE324 Conxuntura hoteleira en Galicia: análise da demanda, ocupación e rendibilidade empresarial	0	-
AE409 Galicia aberta: a emigración en cifras	100	-
AE412 Emprego no sector turístico galego	100	-
AE623 Explotación do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas	100	-
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Exec.	Calendario
21-104 Explotación estatística do Rexistro de Parellas de Feito: en proxecto	100	-
25-1101 Estatística de chamadas ao Centro de Atención ás Emerxencias 112: en implantación	95	-
25-801 Estatística de violencia de xénero: en curso	100	100
36-1101 Cooperación con terceiros países: en proxecto	0	-
36-202 Estatística de salarios dos alcaldes: en proxecto	0	-
36-203 Estatística de dedicacións exclusivas nos concellos: en proxecto	0	-
36-205 Estatística de mancomunidades e consorcios: en proxecto	0	-
AE602 Asistencia xurídica gratuíta	100	-
Consellería de Facenda	Exec.	Calendario
24-102 Persoal ao servizo da Administración autonómica: en cumprimento	100	100
36-101 Indicadores da actividade económica-financeira da comunidade autónoma: en curso	50	50
36-102 Explotación do Rexistro de Entidades Instrumentais do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia: en curso	0	0
36-501 Estatística tributaria autonómica: en curso	55	0
AE220 Observatorio da economía galega	100	-
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Exec.	Calendario
11-101 Estado do planeamento urbanístico dos concellos: en curso	100	100
11-102 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral: en proxecto	100	-

Programa estatístico anual 2014. Seguimento

Informe detallado por consellería

11-301 Contaxe nas estradas competencia da Comunidade Autónoma: en curso	100	100
11-801 Estatística de licenzas de pesca e caza: en curso	100	100
12-301 Reservas de auga: en curso	100	100
12-501 Xestión de residuos urbanos: en curso	100	50
34-101 Estatística de construción de edificios: en cumprimento	100	100
AE603 Indicadores ambientais	100	-
AE615 Calidade do aire	100	-
AE616 Climatoloxía	100	-
Consellería de Economía e Industria		
33-101 Balance enerxético: en curso	70	0
33-201 Caracterización da xeración eléctrica do réxime especial: en curso	55	0
42-101 Situación da certificación en Galicia: en curso	70	0
AE410 A enerxía en Galicia	100	-
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria		
23-201 Estatística do ensino non universitario en Galicia: en curso	100	100
23-501 Datos estatísticos do Sistema universitario de Galicia: en curso	95	50
23-601 Inserción laboral dos titulados de formación profesional: en curso	100	50
AE628 Estatística de bibliotecas públicas	95	-
Consellería de Sanidade		
12-401 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño: en curso	100	100
21-105 Táboas de mortalidade: en proxecto	100	-
22-101 Explotación do Rexistro Galego de Interrupcións Voluntarias do Embarazo: en cumprimento	100	100
22-201 Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica: en curso	100	100
22-402 Sistema de información sobre condutas de risco (Sicri): en proxecto	0	-
22-501 Explotación do Rexistro Galego da Sida: en cumprimento	100	100
22-502 Explotación do Rexistro Galego de Tuberculose: en curso	100	25
22-601 Análise da mortalidade: en cumprimento	100	100
22-701 Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas: en cumprimento	0	0
22-702 Admisións a tratamento por consumo de sustancias psicoactivas: en cumprimento	100	100
41-501 Situación das TIC nos centros sanitarios: en curso	100	100
AE617 Enfermidades de declaración obrigatoria	0	-
Consellería de Traballo e Benestar		
21-201 Estatística de familias numerosas: en curso	100	100
23-701 Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego: en curso	95	50

Programa estatístico anual 2014. Seguimento

Informe detallado por consellería

24-1001 Folgas e peches patronais: en curso	95	50
24-101 Datos sobre ocupacións máis contratadas: en curso	100	0
24-104 Apertura de centros de traballo: en curso	100	50
24-105 Centros especiais de emprego: en implantación	100	-
24-1101 Infraccións e sancións na orde social: en curso	100	50
24-1201 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada: en implantación	100	-
24-1301 Desprazamento transnacional de persoas traballadoras: en curso	100	50
24-201 Sinistralidade laboral: en curso	100	100
24-601 Empresas de traballo temporal: en curso	100	50
24-801 Conciliacións individuais e colectivas: en curso	85	50
24-901 Eleccións sindicais: en implantación	100	-
25-601 Estatística de protección de menores: en curso	100	100
25-602 Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social: en curso	100	0
25-603 Explotación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais: en curso	100	100
25-701 Explotación do censo de persoas con discapacidade: en curso	100	100
AE218 Indicadores do mercado laboral	100	-
AE405 Tendencias do emprego	0	-
AE406 Anuario de estatísticas sociolaborais	100	-
AE604 Negociación colectiva	65	-
AE606 Explotación do Rexistro de Contratos Laborais	0	-
AE607 Informe do paro rexistrado	100	-
AE624 Cooperativas	100	-
AE625 Sociedades laborais	100	-
Consellería do Medio Rural e do Mar		
	Exec.	Calendario
31-101 Superficies agrícolas: en curso	100	50
31-201 Sector porcino industrial: en cumprimento	100	100
31-203 Explotación do Rexistro de Gando Bovino: en curso	100	100
31-204 Explotación do Rexistro de Ovino e Cabrún: en curso	100	100
31-301 Explotación do Rexistro de Maquinaria Agrícola: en curso	100	100
31-501 Estatística de sacrificio de gando en matadoiros: en cumprimento	70	0
31-902 Explotación do Rexistro Vitícola: en curso	55	0
31-904 Estatística do sector hortoflorícola: en implantación	25	-

Programa estatístico anual 2014. Seguimento

Informe detallado por consellería

31-905 Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural: en proxecto	100	-
32-101 Explotación do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma: en curso	100	100
32-301 Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos: en curso	100	100
32-501 Enquisa de ocupación na pesca: en implantación	95	-
37-201 Prezos agrarios: en cumprimento	70	0
37-202 Prezos da terra: en cumprimento	70	0
37-203 Prezos do leite: en curso	100	100
37-204 Explotación do Rexistro sobre Prezos Declarados polos Compradores de Leite: en curso	100	50
39-103 Contas económicas da agricultura: en cumprimento	0	0
AE105 Contas económicas da agricultura. Utilización de medios de produción na explotación agraria	0	-
AE401 Anuario de estatística agraria	0	-
AE402 Anuario de pesca	100	-
AE610 Estatística de permisos de marisqueo a pé	100	-
AE611 Enquisa trimestral de fabricación de pensos e consumo de materias primas	100	-
AE612 Explotación do Rexistro de Montes Veciñais de Man Común	0	-
AE613 Producións forestais	0	-
AE614 Incendios forestais	0	-
AE620 Explotación do Rexistro de Avicultura	100	-
AE621 Rendementos de cultivos	0	-
AE622 Estatística de produción de acuicultura mariña	100	-
Instituto Galego de Estatística		
	Exec.	Calendario
21-101 Indicadores demográficos: en curso	100	-
21-102 Cifras poboacionais de referencia: en curso	100	100
21-103 Sistema de indicadores de lonxevidade: en curso	100	-
21-105 Táboas de mortalidade: en proxecto	100	-
21-301 Proxeccións de fogares: en curso	100	100
21-401 Proxeccións de poboación a curto prazo: en curso	100	100
24-103 Enquisa de poboación activa de Galicia (EPA): en cumprimento	100	100
25-101 Enquisa conxuntural a fogares: en curso	100	100
25-201 Enquisa estrutural a fogares: en curso	70	0
25-202 Indicadores de xénero: en curso	100	-
25-203 Indicadores de cohesión social: en curso	100	-

Programa estatístico anual 2014. Seguimento

Informe detallado por consellería

31-905 Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural: en proxecto	100	-
34-101 Estatística de construción de edificios: en cumprimento	100	100
35-501 Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos: en curso	100	100
35-502 Enquisa de servizos a empresas: en implantación	50	-
37-401 Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario: en curso	100	100
37-801 Índices de competitividade: en curso	100	100
38-101 Explotación do directorio de empresas e unidades locais: en reestruturación	72	-
38-102 Indicadores do sector empresarial: en curso	100	100
38-103 Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro: en implantación	0	-
38-104 Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil: en curso	100	100
38-105 Estatística de multilocalización empresarial: en proxecto	45	-
38-106 Índice de carga e simplificación administrativa para autónomos e empresas: en proxecto	45	-
38-202 Índice de conxuntura do investimento: en proxecto	45	-
39-101 Contas económicas anuais: en curso	100	100
39-102 Contas económicas trimestrais: en curso	100	100
39-103 Contas económicas da agricultura: en cumprimento	0	0
39-104 Produto interior bruto municipal: en curso	100	100
39-201 Marco input-output: en curso	100	-
39-301 Contas de distribución da renda dos fogares por concellos: en curso	0	0
39-402 Matriz de contabilidade social: en curso	100	100
AE201 Galicia en cifras	100	-
AE202 Banco de series de conxuntura	100	-
AE203 Atlas estatístico comarcal	100	-
AE204 Portal estatístico para o mundo educativo	100	-
AE205 Banco de datos territorial	100	-
AE209 Panorama demográfico	0	-
AE210 Galicia na Unión Europea	0	-
AE211 Boletín de conxuntura	0	-
AE220 Observatorio da economía galega	100	-
AE301 Explotación do movemento natural da poboación	100	-
AE302 Explotación dos movementos migratorios	100	-
AE303 Confianza empresarial	100	-
AE304 Explotación das afiliacións á Seguridade Social	100	-

Programa estatístico anual 2014. Seguimento

Informe detallado por consellería

AE305 Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario	100	-
AE306 EEF. Novas tecnoloxías	100	-
AE307 Explotación do índice de produción industrial	100	-
AE308 Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes	100	-
AE309 Informe das variacións do Índice de prezos de consumo	100	-
AE312 Estudo sobre salarios	100	-
AE313 Seguimento e análise da construción	100	-
AE314 Pensións e outras prestacións	100	-
AE315 EPA. Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil	100	-
AE316 Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía	100	-
AE317 Explotación estatística da información tributaria	100	-
AE321 Explotación da mostra continua de vidas laborais	100	-
AE323 Explotación estatística dos censos demográficos	100	-
AE325 EEF. Coñecemento e uso do galego	100	-
AE327 EPA. Módulo sobre accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo	100	-
AE328 EPA. Estatística de fluxos da poboación activa	100	-
AE329 EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica	100	-
AE330 EPA. Decil de salarios do emprego principal	100	-
AE404 Datos estatísticos básicos de Galicia	100	-
AE408 A realidade da muller galega	100	-
AE413 Panorama dos sete grandes concellos	100	-
AE601 Accesibilidade á vivenda	100	-
AE605 Indicadores de contexto do Plan estratéxico	100	-
AE608 Indicadores estruturais da Unión Europea	100	-
AE609 Indicador da intensidade da demanda turística	100	-
AE626 Indicadores de innovación	100	-
AE627 Enquisa sobre a percepción da competencia en Galicia	0	-
AE708 Investigación e desenvolvemento de métodos demográficos	100	-



Programa estatístico anual 2014. SEGUIMIENTO

Anexo 3. Execución das actividades por fases

11-101 Estado do planeamento urbanístico dos concellos: en curso

Programa estatístico anual

O ano 2013 difundirase na internet en febreiro do 2014

Execución

Preparación e recollida de datos	20
Elaboración das táboas	70
Difusión dos resultados: difundiron os resultados segundo o calendario establecido	10

Grao de execución: 100

Indicador de puntualidade (calendario): 100

Indicador de oportunidade: 2 meses

11-102 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral: en proxecto

Programa estatístico anual

Execución

Elaboración do proxecto técnico: rematouse o proxecto e presentouse ao CGE	100
----------------------------------------------------------------------------	-----

Grao de execución: 100

11-301 Contaxe nas estradas competencia da Comunidade Autónoma: en curso

Programa estatístico anual

O ano 2013 difundirase en papel e na internet en xuño de 2014

Execución

Preparación e recollida de datos	20
Elaboración das táboas	70
Difusión dos resultados: difundiron os resultados segundo o calendario establecido	10

Grao de execución: 100

Indicador de puntualidade (calendario): 100

Indicador de oportunidade: 6 meses

11-801 Estatística de licenzas de pesca e caza: en curso

Programa estatístico anual

O ano 2013 difundirase na internet en decembro de 2014

Execución

Preparación e recollida de datos	20
Elaboración das táboas	70
Difusión dos resultados: difundiron os resultados segundo o calendario establecido	10

Grao de execución: 100

Indicador de puntualidade (calendario): 100

Indicador de oportunidade: 12 meses

Programa estatístico anual 2014. Seguimento

Execución das actividades por fases

12-301 Reservas de auga: en curso

Programa estatístico anual

Difundiranse na internet os datos correspondentes a cada luns

Execución

Preparación e recollida de datos	20
Elaboración das táboas	70
Difusión dos resultados: difundiron os resultados todas as semanas	10

Grao de execución: 100

Indicador de puntualidade (calendario): 100

Operación non susceptible:

os datos difundense semanalmente

12-401 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño: en curso

Programa estatístico anual

O ano 2013 difundirase na internet no primeiro semestre de 2014

Execución

Preparación e recollida de datos	50
Elaboración das táboas	40
Difusión dos resultados: difundiron os resultados segundo o calendario establecido	10

Grao de execución: 100

Indicador de puntualidade (calendario): 100

Indicador de oportunidade: 6 meses

12-501 Xestión de residuos urbanos: en curso

Programa estatístico anual

A información referida a un ano vencido, difundirase no segundo semestre do ano seguinte

Execución

Preparación e recollida de datos	20
Elaboración das táboas	70
Difusión dos resultados: difundiron os resultados referidos ao 2013 en xaneiro de 2015	10

Grao de execución: 100

Indicador de puntualidade (calendario): 50

Indicador de oportunidade: 13 meses

Programa estatístico anual 2014. Seguimento

Execución das actividades por fases

21-101 Indicadores demográficos: en curso

Programa estatístico anual

Difundirase na internet en varias datas segundo o permitan as fontes

Execución

Preparación e recollida de datos	50
Elaboración das táboas	40
Difusión dos resultados	10

Grao de execución: 100

Non se avalía calendario

Indicador de oportunidade: 7 meses

21-102 Cifras poboacionais de referencia: en curso

Programa estatístico anual

O ano 2013 difundirase na internet en marzo de 2014

Execución

Preparación e recollida de datos	50
Elaboración das táboas	40
Difusión dos resultados: difundiron os resultados segundo o calendario establecido	10

Grao de execución: 100

Indicador de puntualidade (calendario): 100

Indicador de oportunidade: 3 meses

21-103 Sistema de indicadores de lonxevidade: en curso

Programa estatístico anual

Difundiranse na internet en varias datas a medida que o permitan as fontes

Execución

Preparación e recollida de datos	50
Elaboración das táboas	40
